

O Delegado Territorial da Xunta na Coruña, Diego Calvo, visitou esta mañá, acompañado polo Alcalde de Boiro, Xosé Deira Triñanes, e a Xefa Territorial da Consellería de Educación, Teresa Villaverde, e outros membros da corporación municipal, o CEIP de Cespón, logo de que na xornada do martes os 33 alumnos de Educación Infantil que cursaban estudos nas unitarias de Vilariño, Sar-Campo de San Roque e Ferreiros se trasladasen a este colexio.

Os alumnos, 23 da unitaria de Sar-Campo de San Roque, 6 de Ferreiros e 4 de Vilariño, inauguraron onte as tres aulas de infantil habilitadas no CEIP Cespón, nas que a Xunta investiu máis de 200.000 euros. A maiores das aulas, tamén se construíu unha sala de profesores, novos aseos e un soportal cuberto e unha zona de xogos. En setembro está previsto que se trasladen tamén outros 13 alumnos da unitaria de Ferreiros, de tal xeito que quedaría completada a unificación das tres antigas escolas neste colexio.